

CURSO CINE 2020-2021

## *Eutopías*

### A procura do “bo lugar” no cinema



*Tiempos modernos* (Charles Chaplin, 1936)

**1ª QUENDA:** do 22 outubro 2020 ao 25 marzo 2021

**2ª QUENDA:** do 9 marzo ao 25 maio 2021

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: José Manuel López

Lugar: salón de actos

#### **Datas e horarios:**

1ª QUENDA: do 22 outubro 2020 ao 25 marzo 2021

**Xoves**, de 19.30 a 21.00

2ª QUENDA: do 9 marzo ao 25 maio 2021

**Martes**, de 19.30 a 21.00

Total número sesións: 12 por cada quenda

PRAZAS LIMITADAS a 34 participantes por cada quenda.

Inscripción e matrícula a partir do 8 de outubro en taquilla MARCO

[repcion.marco@gmail.com](mailto:repcion.marco@gmail.com) 986 113900 Ext. 100

**Prezo matrícula:** 125€ IVE incluído (100€ para membros da Agrupación de Amig@s do MARCO e para estudantes, previa acreditación).

## RESUMO / PRESENTACIÓN

Adoita pensarse a utopía como unha quimera, como unha proxección irrealizable dende un presente escuro cara a algún futuro, mellor pero tamén inalcanzable. O termo foi acuñado por Tomás Moro en 1516 na súa obra homónima, a partir —nunha das interpretacións posibles— dos vocábulos gregos *ou-* (que expresa negación) e *tópos* (lugar): é dicir, “nowhere” na súa primeira tradución inglesa ou “non hai tal lugar” — como un século máis tarde Francisco de Quevedo o trasladou ao español. Pero outras interpretacións consideran que Moro fixo partir o seu neoloxismo de *eu* (que expresa bondade) e *tópos*, ou o que é o mesmo; un lugar bo ou feliz. E así llo fai dicir á propia illa de Utopía: “Non Utopía, senón mellor é o meu nome Eutopía, o País da Felicidade”.

Moro constrúe a súa utopía, polo tanto, dende unha intencionada ambivalencia entre a necesidade do seu desexo e a imposibilidade da súa realización. Utopía é unha promesa, un “bo lugar” que non existe... aínda. Porque o desexo utópico, como toda imaxinación prospectiva, se proxecta cara á realización eutópica dese desexo: alguén que non está conforme coa súa realidade soña cun mundo mellor pero sempre, como defendía Herbert Marcuse, coa intención de que a *utopía* se converta en *topía*, nunha realidade que, finalmente, *teña lugar*.

A utopía deixa de ser así unha quimera ou conto fantasioso sen relación coa Historia: o seu desexo de facerse realidade convértea nun relato ancorado no seu tempo que, ademais, prolifera nos períodos de crise. E por iso, a utopía é, hoxe, tan necesaria como sempre. Pero as utopías sociais que tratan de construír “o mellor dos mundos” desembocan moitas veces no seu reverso: no discurso negro da anti-utopía ou distopía. Por iso neste curso tomaremos a tanxente íntima que nos afastará da “utopía social” e nos achegará á “utopía individual” (persoal, pero transferible). Porque quizais a única utopía posible, como defende Lewis Mumford, sexa a nosa propia vida —aquí e agora— levada ata os límites das súas posibilidades ideais.



*El sur* (Víctor Erice, 1983)

## PROGRAMA / CALENDARIO

[Datos e títulos abertos a posibles cambios]

### Eutopías. A procura do “bo lugar” no cinema

1ª QUENDA: do 22 outubro 2020 ao 25 marzo 2021

**Sesión 1** (xoves 22 outubro)

O HORIZONTE

*Tiempos modernos* (**Charles Chaplin**, 1936)

**Sesión 2** (xoves 5 novembro)

O RECORDO DO SUR

*El sur* (**Víctor Erice**, 1983)

**Sesión 3** (xoves 12 novembro)

A MEMORIA

*Qué verde era mi valle* (**John Ford**, 1941)

**Sesión 4** (xoves 10 decembro)

O PASADO

*Las playas de Agnès* (**Agnès Varda**, 2008)

**Sesión 5** (xoves 17 decembro)

O VELLO NOVO MUNDO

*El nuevo mundo* (**Terrence Malick**, 2005)

**Sesión 6** (xoves 14 xaneiro)

O SOÑO DO OESTE

*First Cow* (**Kelly Reichardt**, 2019)

**Sesión 7** (xoves 18 febreiro)

A CASA FAMILIAR

*Estiu 1993* (**Carla Simón**, 2017)

**Sesión 8** (xoves 25 febreiro)

A INFANCIA

*El verano de Kikujiro* (**Takeshi Kitano**, 1999)

**Sesión 9** (xoves 4 marzo)

O VERÁN

*Aquel querido mes de agosto* (**Miguel Gomes**, 2008)

**Sesión 10** (xoves 11 marzo)

O FUTURO

*El tiempo en sus manos* (**Georges Pal**, 1960)

**Sesión 11** (xoves 18 marzo)

A ILLA

*Robinson Crusoe* (**Luis Buñuel**, 1954)

Sesión 12 (xoves 25 marzo)

A NATUREZA

*Hacia rutas salvajes* (**Sean Penn**, 2007)

## Eutopías. A procura do “bo lugar” no cinema

2ª QUENDA: do 9 marzo ao 25 maio 2021

**Sesión 1** (martes 9 marzo)

O HORIZONTE

*Tiempos modernos* (**Charles Chaplin**, 1936)

**Sesión 2** (martes 16 marzo)

O RECORDO DO SUR

*El sur* (**Víctor Erice**, 1983)

**Sesión 3** (martes 23 marzo)

A MEMORIA

*Qué verde era mi valle* (**John Ford**, 1941)

**Sesión 4** (martes 30 marzo)

O PASADO

*Las playas de Agnès* (**Agnès Varda**, 2008)

**Sesión 5** (martes 6 abril)

O VELLO NOVO MUNDO

*El nuevo mundo* (**Terrence Malick**, 2005)

**Sesión 6** (martes 13 abril)

O SOÑO DO OESTE

*First Cow* (**Kelly Reichardt**, 2019)

**Sesión 7** (martes 20 abril)

A CASA FAMILIAR

*Estiu 1993* (**Carla Simón**, 2017)

**Sesión 8** (martes 27 abril)

A INFANCIA

*El verano de Kikujiro* (**Takeshi Kitano**, 1999)

**Sesión 9** (martes 4 maio)

O VERÁN

*Aquel querido mes de agosto* (**Miguel Gomes**, 2008)

**Sesión 10** (martes 11 maio)

O FUTURO

*El tiempo en sus manos* (**Georges Pal**, 1960)

**Sesión 11** (martes 18 maio)

A ILLA

*Robinson Crusoe* (**Luis Buñuel**, 1954)

Sesión 12 (martes 25 maio)

A NATUREZA

*Hacia rutas salvajes* (**Sean Penn**, 2007)